

Modificación da programación de INGLÉS curso 21/22

O departamento acorda as seguintes modificacións a programación para o presente curso académico.

MODIFICACIONES A AVALIACIÓN DE INGLÉS

De acordo ca orde de 25 de xaneiro de 2022 na que se nos indica actualizar a avaliación , a promoción e a titulación nas ensinanzas de ESO e bacharelato; O Departamento de Inglés fai as seguintes modificacións e consideracións.

O artigo 7 apartado 8 de dita Orde di o seguinte: “... o período abranguido entre a 3ª avaliación parcial e a avaliación final dedicárase **a actividades de repaso, reforzo, recuperación, ampliación e titoría**. Nese sentido. Para o alumnado que teña materias ou ámbitos con partes sen superar logo de realizada a 3ª avaliación parcial, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación. A cualificación definitiva das materias ou dos ámbitos farase na avaliación final do curso.”

Na terceira avaliación antes o departamento de Inglés establecía a cualificación final de xuño e os alumno suspensos ían a proba extraordinaria de setembro. Esa proba extraordinaria de Setembro , entendemos , se traslada a finais de xuño, inda que non con ese nome de extraordinaria. Nos faremos unha proba a finais de xuño para establecer a recuperación ou non da materia suspensa. En dita proba usaremos os seguintes criterios de cualificación:

Listening	20%
Reading	20%
Writing	20%
Speaking	20%
Grammar and vocabulary	20%

Cada profesor fará as súas propias probas adaptadas o seu alumnado

Nos poucos días previos a dita proba realizaremos as actividades de reforzo e apoio requiridos po la Orde para os alumnos suspensos. Para os restantes alumnos realizariamos actividades de continuidade da programación.

A nota da avaliación final para estes alumnos será a que obteñan en dita proba. Para os restantes será a mellor das seguintes:

Nota media das avaliacións ou nota obtida na 3ª avaliación.

De tódolos os xeitos facemos as seguintes consideracións:

1. Que nas dous semanas que van dende a 3ª avaliación a avaliación final o alumno suspenso na terceira avaliación non poda recuperar en 4 ou 6 horas lectivas o que tiña que acadar o longo dun curso académico . Nas 6 horas de reforzo teremos non só que atender a ditos alumnos suspensos se non os restantes que aprobaron a materia e demandan a nosa atención.

2. Consideramos , ademais, que a ensinanza dunha lingua estranxeira e continua e acumulativa. Non é particionada coma noutras materias. Polo que consideramos que para poder recuperar con garantías o alumno necesitaría tempo e apoio adecuados, do cal non se dispón nese período abranguido entre a 3ª avaliación e a avaliación final.